

CV17014

Memoria xustificativa da sétima addenda ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do concello de Ferrol

1. Antecedentes

O 1.8.2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.

O 30.7.2021 asinouse unha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021 e modificar a cláusula quinta no senso de engadir unha nova obriga do concello de Ferrol.

O 31.12.2021, o 30.3.2022, o 19.12.2022, o 4.12.2023 e o 20.12.2024 subscribíronse, respectivamente, a segunda, a terceira, a cuarta, a quinta e sexta addendas ao convenio para ampliar o seu prazo de vixencia. Coa subscrición da última addenda o prazo de vixencia remata o 31.12.2025.

2. Causas que motivan a formalización dunha addenda ao convenio

Augas de Galicia realizou unha auditoría co obxecto de coñecer o estado das instalacións e valorar a súa situación e os condicionantes a ter en conta para a asunción do servizo.

No ámbito do saneamento de Ferrol ao marxe das obras obxecto da encomenda de xestión que se propón prorrogar, existen outras infraestruturas cuxa explotación lle corresponde á sociedade estatal Acuaes. Os concellos de Narón e Ferrol, así como Acuaes teñen manifestado o seu interese en que Augas de Galicia asuma tamén a xestión da explotación destas outras infraestruturas, interese inicialmente compartido por Augas de Galicia, pero que require da realización de auditorías previas a esa asunción.

En virtude do contrato asinado pola Dirección de Augas de Galicia e a mercantil Cuartazona Ingeniería, S.L, de Servizo de apoio técnico para o control de verteduras de usuarios non domésticos e para a supervisión e auditoría de redes de saneamento e estacións depuradoras de augas residuais (AUG-2023-0006) realizáronse traballos que complementan a información da que dispón Augas de Galicia e que lle permita valorar adecuadamente se procede asumir a explotación de todas as infraestruturas que compoñen a rede de saneamento ou so a estación depuradora de augas residuais de Ferrol.

Na actualidade estase a estudar e a consensuar polas partes interesadas a fórmula que, tendo en conta os aspectos técnicos, económicos e xurídicos, permita xestionar o servizo de saneamento e depuración da maneira máis eficiente posible.



Tendo en consideración que o servizo de saneamento e depuración debe seguir prestándose dun xeito continuado, non admitíndose interrupción na súa execución, e que a non continuidade implica risco con consecuencias moi negativas, resulta imprescindible garantir esta continuidade na execución da prestación mediante a aprobación da addenda, por razóns de interese público derivadas da propia natureza e características específicas da prestación do servizo de saneamento e depuración.

Mentres se estudan os resultados e se valora a viabilidade das instalacións que Augas de Galicia poida asumir e xestionar considérase necesario formalizar unha addenda para ampliar o prazo de vixencia do convenio formalizado o 01.08.2017.

3. Obxectivos que se pretenden e estimación de custos e financiamento

A addenda ten por obxecto ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 30.04.2026 ou ata a asunción por parte de Augas de Galicia da xestión do sistema de saneamento e depuración do concello de Ferrol, no caso de que se asuma antes do 30.04.2026.

A encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do concello de Ferrol instrumentouse a través do convenio de colaboración asinado o 1.8.2017 consonte ao disposto no artigo 11.3.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se ben non lle son de aplicación normas do capítulo VI do título I da dita lei de conformidade co disposto no seu artigo 48.9. Non lle resulta así de aplicación o límite temporal previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Compromisos de contido económico

A subscrición da addenda non supón a asunción de compromisos económicos para Augas de Galicia.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro a addenda contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

